


SE EU FOSE ...

Se eu fose unha princesiña de catro anos, tería unha morea de xoguetes cos que xogaríamos os meus amigos e mais eu todas as tardes.

Comería todos os días o que se me antollase e, se non mo daban, enfadaríame e non comería nada ata que me trouxeran o que pedira.

Tamén faría que miña nai me levara a comprar todos os días roupa nova coa que iría á escola ao día seguinte, e, de paso icomo non! faría que me levasen ao cine para ver a última película de debuxos que saíra.



Meu pai tamén tería que aguantarme, non se libraría dos meus antollos tan facilmente.

Pola mañá, despois de almorzar, levaríanme dar un paseño na bicicleta polos xardíns da cidade, e comeríamos xeados ata fartar.

Se eu fose unha boneca, viviría na casa dunha meniña pequena, que me coidaría moi ben; tería unha camiña na súa habitación na que durmiría todas as noites con sabas de cores.

Todas as mañás levaríanme dar un paseo no meu carriño rosa polos parques da vila, e xogaríaa coas outras bonecas, mentres a nena estaría coas súas amiguiñas. Tamén tería un cochiño co que andaría por toda a casa para que ela non se cansara de andar sempre cargando comigo.

Todos os anos polo Nadal, regalaríame unha morea de xoias coas que estaría ben bonitiña, e eu agasallaría cuns zapatíños que faría de debuxo. Así sería a miña vida de boneca.

Vanessa Sánchez Carril.

Se eu fose un billete de cincuenta euros, coñecería moita xente, xa que estaría continuamente cambiando de mans, fose nunha tenda de roupa como na compra dun televisor.

Tamén podería pasar a miña vida nunha caixa rexistradora, esperando que alguén pagara algo cunha cantidade enorme de diñeiro para que a dependenta lle tivera que dar cambio de cincuenta, e con algo de sorte, sería eu o afortunado que pasase á carteira do comprador.

Ou quizais sería un de tantos billetes que están acomodados na billeiteira dun multimillonario, agardando que me sacase para ver mundo, pero ao ser tantos e tan diferentes: de 100€, de 200€, de 10€... rara vez, moi rara vez o multimillonario dirixiría a man cara a min.

Outra opción sería a de ser só un simple número no ordenador dun banqueiro, que, só con apertar un botón, podería transferir unha gran cantidade de diñeiro a outras mans, facendo feliz ata ao máis desgraciado.

O caso máis raro que se me podería dar sería o de vagar libremente polas rúas dunha cidade, por culpa de alguén que ao ter o peto furado me perdese e eu estivese sen rumbo esperando a que alguén con sorte atopase un extraviado billete de 50€ e volvease contentísimo á casa contando o seu periplo a amigos e coñecidos, sen pensar no que lle puido pasar a un simple billete de 50€.

Miguel López Mejuto

Se eu fose unha persoa capaz de volverse invisible, faría multitude de cousas, a primeira delas sería entremeterme nas conversas da xente; encantaríame informarme das súas cuestións persoais para logo poder chantaxearlos e, como eles pensarían que ninguén estaba escoitando as conversas, acabaría por poñer rematadamente tolo a alguén.

Se unha persoa me caera moi mal, sería o seu peor pesadelo, estaría alí sempre, nos sitios máis incómodos, violentos, vergoñosos e chafando as súas citas máis importantes.

Ademais, podería verlles os exames aos profesores antes de examinarme, polo tanto levaría moi boas notas. Pero a cousa pola que máis me gustaría ser invisible é porque cando os sábados tivese unha hora de regreso á casa moi cedo, volvería saír outra vez sen que ninguén se decatara da miña fuxida, e non me metería en ningún lío, porque cando a situación se puxese "quente", desaparecería sen deixar rastro.

En caso de que os meus estudos me fosen mal e despois non puidese atopar traballo, dedicaría un éxito increíble aos espectáculos de maxia, circos, etc.

Diego Novás Mato